

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE ABRIL DE 2018

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día trinta de abril de dous mil dezaoitto, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas e trinta minutos, dando comezo ás vinte horas e trinta e cinco minutos.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna.Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D.Iban Torres Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, D.José Luis Losada Fernández, Dna.Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo.

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:** D.Emilio José Sánchez Iglesias.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. M<sup>a</sup> Julia Rodríguez Barreira, D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M<sup>a</sup> Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

**Grupo municipal de Esperta Monforte:** Dna. M<sup>a</sup> Isabel García Díaz.

**Non adscritas/o:** Dna. M<sup>a</sup> Pilar López Martínez, Dna. M<sup>a</sup> Alicia I. Cadarso Palau Dna. M<sup>a</sup> José Vega Buján, D.Víctor López Mateo.

**Interventora acctal.:** Dna. María I. Buján Arias.

**Secretario:** D. José M<sup>a</sup> Baños Campo, que dá fe do acto.

O Sr.Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

### 1. ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 26 DE MARZO DE 2018.

Non hai ningunha observación respecto ao texto do borrador remitido coa convocatoria. Sometido a votación, o Pleno por unanimidade acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Corporación municipal do 26 de marzo de 2018.

### 2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se dá conta: 21.03.2018 a 24.04.2018.

O Sr.Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, dá conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21 de marzo de 2018 e o 24 de abril de 2018.

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

## PARTE RESOLUTIVA

### 3. COMPENSACIÓN ECONÓMICA Á CONCESIONARIA DA PISCINA MUNICIPAL POLO NON INCREMENTO DE TARIFAS DA PISCINA MUNICIPAL EN BASE Ó IPC NO PERÍODO 01/01/2017 A 31/12/2017.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións habidas en debate conxunto co punto 4 da orde do día, acórdase o seguinte en votación separada:

“Vista a solicitude presentada por ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. de compensación económica correspondente polo importe deixado de percibir pola non subida de tarifas da piscina municipal no período 01/01/2017 a 31/12/2017.

Vista a documentación obrante no expediente e o informe de Intervención,

O Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

#### ACORDO

Recoñecer o dereito da empresa a percibir a compensación solicitada, por importe de 32.564,65 € máis IVE, e proceder ó trámite da correspondente modificación orzamentaria para a dotación de crédito na aplicación, mediante un suplemento de crédito na aplicación 342.470.00 DEPORTES. CONCESION PISCINA MUNICIPAL con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais.”

No debate conxunto deste asunto e do seguinte, producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que xa foi aprobada unha compensación para o período de maio de 2015 a decembro de 2016, por importe de 39.422,32 €, e agora vén outra por 32.564,65 €. A propia Interventora advirte de que o normal é aplicar o IPC. Trátase dunha irregularidade sen a nosa colaboración, ímonos abster porque non é maneira de xestionar.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que son os IPCs acumulados dende 2011, uns positivos e outros negativos. Este ano aprobouse a subida para o próximo. É o acumulado de exercicios anteriores.

### 4. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 17/2018: SUPLEMENTOS DE CRÉDITO PARA O FINANCIAMENTO DE OBRIGAS PENDENTES (CONTA 413).

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias e tralas intervencións habidas en debate conxunto co punto 3 da orde do día, acórdase o seguinte en votación separada:

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 30.04.2018

Páxina 2 de 39



|  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   |  | DOCUMENTO: 20180172439   |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 |  | QR:https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 |

“De conformidade co disposto na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:

*Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

*1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

*a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

*b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

*2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

*a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*

*b) No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*

**c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.**

*Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

3. *Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*

4. *O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.*

5. *En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»*

No exercicio 2018, á data de elaboración deste informe non está aprobado o Orzamento Xeral do Estado, pero vén de publicarse o seguinte:

*Real Decreto-Lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para inversión financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas.*

*Artigo 1. Destino do superávit das entidades locais correspondentes a 2017.*

*En relación co destino do superávit orzamentario das Corporacións Locais correspondentes ao ano 2017, esténdese para 2018 a aplicación das normas contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para o que se terá en conta a disposición adicional décimosexta do texto refundido da Lei que reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2017 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, e o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademais cumpre co PMP a 31/12/2017.

Tendo en conta que na conta 413 constan pendentes de aplicar ó orzamento as seguintes débedas:

| CONCEPTO  | PROVEDOR                                    | IMPORTE   |
|---|---|-----------|
| COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/01/2017 A 31/12/2017 | B32267031 -<br>ALACER, OCIO Y<br>DEPORTE SL | 39.403,19 |
|   | TOTAL                                       |           |

Para proceder ó recoñecemento e liquidación desta obrigas considérase pertinente tramitar unha modificación de crédito con cargo ó remanente líquido de tesourería da liquidación de 2017, dado que se trata dun gasto específico e determinado que non debe ser demorado a exercicios posteriores e que o

crédito consignado nas partidas ás que imputar o gasto no orzamento vixente resulta insuficiente para o recoñecemento das obrigas.

Visto o anterior, o Pleno, por doce votos a favor (Grupos Socialista, do BNG e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e cinco abstencións (Grupo do PP), adopta o seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 17/2018 por importe de 39.403,19 € na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2017, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e á LPE 2017 que aproba a prórroga das medidas previstas na citada D.A. Sexta, de acordo co seguinte:

| APLICACIÓN GASTOS | DESCRICIÓN   | IMPORTE A FINANCIAR |
|-------------------|--|---------------------|
| 342.472.00        | SALDO CONTA 413 COMPENSACIÓN POLA NON SUBIDA DO IPC DAS TARIFAS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS, DE 01/01/2017 A 31/12/2017) | 39.403,19           |

| APLICACIÓN INGRESOS | DENOMINACIÓN                               | TOTAL     |
|---------------------|--|-----------|
| 870.00              | Remanente de Tesourería para Gastos Xerais | 39.403,19 |

**SEGUNDO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

### 5. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 18/2018: SUPLEMENTOS DE CRÉDITO PARA A AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DO ENDEBEDAMENTO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“De conformidade co disposto no artigo 32 e na Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira as EELL poderán destinar o superávit do exercicio anterior:

*Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.*

*1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas dúas circunstancias:*

a) *Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.*

b) *Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.*

2. *No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ó destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:*

a) *As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais a atender as obrigacións pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamentos, ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.*

b) *No caso de que, atendidas as obrigacións citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantivécese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.*

**c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivese un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ó longo da vida útil do investimento esta sexa financieramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ó crecemento económico a longo prazo.**

*Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.*

3. *Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.*

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMAS Y FECHAS                                |  | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |



4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

No exercicio 2018, á data de elaboración deste informe non está aprobado o Orzamento Xeral do Estado, pero vén de publicarse o seguinte:

*Real Decreto-Lei 1/2018, de 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para inversión financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo destas.*

*Artigo 1. Destino do superávit das entidades locais correspondentes a 2017.*

*En relación co destino do superávit orzamentario das Corporacións Locais correspondentes ó ano 2017, esténdese para 2018 a aplicación das normas contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para o que se terá en conta a disposición adicional décimosesta do texto refundido da Lei que reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Tendo en conta que de acordo co informe de Intervención se cumpren os requisitos recollidos na DA Sexta da LOEPSF no seu punto primeiro: A liquidación consolidada do exercicio 2017 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC95, cumpre co límite de endebedamento, e o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo. Ademais cumpre co PMP a 31/12/2017.

O superávit do exercicio, tras realizar os correspondentes axustes ascende a 2.194.188,03 €. Polo tanto a capacidade de financiamento do concello segundo o sistema europeo de contas é de 2.194.188,03 €. Así mesmo o superávit intégrase no remanente de tesourería para gastos xerais que Ó remate do exercicio 2017 ascendeu a 7.399.832,53 €.

#### VOLUME DE ENDEBEDAMENTO

O volume de endebedamento do concello, no exercicio 2017 situouse no 11,96 % dos recursos ordinarios do orzamento ascendendo a débeda viva a 31/12/2017 a 1.551.794,27 € incluíndo a operación concertada no 2017, da que aínda non se dispuxo, e que non se terá en conta para a amortización anticipada, e o leasing concertado no 2017 para a adquisición de vehículo para a concellería de obras.

| NIVEL DE DÉBEDA VIVA 31/12/2017 |  |               |
|---------------------------------|--|---------------|
| 1                               | (+) DRN (CAP I-V INGRESOS)   | 14.067.553,61 |
| 2                               | (-) INGRESOS AFECTADOS POR OPERACIÓNS DE CAPITAL OU INGRESOS EXTRAORDINARIOS | 0,00          |
| 3                               | (-) INGRESOS AFECTADOS   | 1.093.257,35  |
| 4                               | TOTAL (1-2)  | 12.974.296,26 |
| 5                               | DÉBEDA VIVA 31/12/2017 Sen incluír PIE                                       | 1.551.794,27  |
| 6                               | Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes:                             | 11,96%        |

### AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA PREVISTA NO 2018.

Durante o exercicio 2018, estímase amortizacións por importe de 270.187,33 € o que situarían a débeda viva a 31/12/18 en 956.606,93 € (tómase como referencia o importe a 31/12/18 xa que ata esa data está previsto no orzamento crédito necesario para facer fronte ás amortizacións), de acordo co seguinte cadro:

| PRÉSTAMO                        | DÉBEDA VIVA (31/12/2017) | AMORTIZACIÓN (2018) | XUROS (2018) | CARGA FINANCEIRA (2018) | DÉBEDA VIVA (31/12/2018) |
|---------------------------------|--------------------------|---------------------|--------------|-------------------------|--------------------------|
| ABANCA<br>0126-9.557-3          | 69.013,49                | 69.013,49           | 0,00         | 69.013,49               | 0,00                     |
| BBVA<br>95/45436603             | 195.961,05               | 39.192,21           | 0,00         | 39.192,21               | 156.768,84               |
| BBVA<br>95/45710229             | 170.333,38               | 24.333,33           | 0,00         | 24.333,33               | 146.000,05               |
| CAIXA<br>RURAL<br>60579339255   | 98.117,66                | 27.080,03           | 1.303,05     | 28.383,08               | 71.037,63                |
| SABADELL<br>80750608103<br>9    | 247.613,94               | 55.025,36           | 1.042,87     | 56.068,23               | 192.588,58               |
| ABANCA<br>500-0126-<br>11.445-7 | 190.360,93               | 24.963,20           | 615,78       | 25.578,98               | 165.397,73               |
| BBVA<br>16/063069               | 230.504,83               | 23.050,44           | 984,06       | 24.034,50               | 207.454,39               |
| BBVA<br>60104460                | 325.000,00               | 0,00                | 0,00         | 0,00                    | 0,00                     |
| LEASING<br>BBVA                 | 24.888,98                | 7.529,27            | 23,01        | 7.552,28                | 17.359,71                |
|                                 | 1.551.794,26             | 270.187,33          | 3.968,77     | 274.156,10              | 956.606,93               |

É dicir, o Concello de Monforte está en disposición de amortizar a totalidade da débeda consolidada pendente a 31/12/18, que segundo os cadros de amortización previstos ascende a 956.606,93 €, financiada con superávit do exercicio 2017, cumprindo así co previsto no artigo 32 da LOEPSF, mediante a tramitación do correspondente suplemento de crédito.

Visto o anterior, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos n.º 18/2018 por importe de 956.606,93 € na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ó remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio 2017, en cumprimento da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira,



| APLICACIÓN GASTOS | DESCRICIÓN              | IMPORTE A FINANCIAR |
|-------------------|-------------------------|---------------------|
| 011.913.00        | AMORTIZACIÓN DA DÉBEDA. | 956.606,93          |

| APLICACIÓN INGRESOS | DENOMINACIÓN                               | TOTAL      |
|---------------------|--|------------|
| 870.00              | Remanente de Tesourería para Gastos Xerais | 956.606,93 |

SEGUNDO. Expor este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que no saúdo inicial inclúe unha pancarta que hai no público polo que se lle adebeda a unha limpadora. Imos votar a favor, pero non sen dicir que o superávit e o Remanente de Tesourería, o Concello ten a obriga de destinalos, segundo a lei de estabilidade, á conta 413, a reducir o endebedamento e, se sobra –neste caso, 1.137.000 euros-, a investimentos financeiramente sostibles. Gustaríanos saber a que irá esa cantidade, velo na medida do posible na Xunta de Portavoces. O Alcalde sae como campión en aforrar, máis ben por non saber gastar, porque o millón e pico de euros da Deputación está enterrado en asfalto. Cultura, Servizos Sociais e outras cousas, están máis ou menos igual en gasto, ou se non, será grazas á Deputación. O balance de tres anos de goberno é asfaltar e nada máis, outra cousa non se ve que estea facendo. Hai máis ingresos polo IBI que estaba agochado. Hai mellor situación económica en xeral da cidadanía –aínda que non é así para todos-. Trouxemos unha emenda para baixar o coeficiente do IBI e o Alcalde dixo que non. Herdou unha boa situación económica do goberno anterior. En 2016, fomos o 6º Concello de España e o 1º de Galicia en calidade de xestión financeira. Seguiu máis ou menos por ese camiño. Pero ten pendente un plan económico-financeiro por incumprir a regra de gasto. Houbo anos malos arredor do 2012, agora vostede que se fai o campión, debería ter un pouco máis de humildade. A amortización é por lei, e por iso votamos a favor. Non é mérito persoal seu nin do seu equipo, pasaríanos a calquera.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que xa no Pleno anterior pediu contar con todos, ter consenso para investir.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que ironiza sobre se hoxe rematará a sesión ás doce. Falamos de Remanente de Tesourería e de superávit. Estamos a favor, subscribimos case todo o dito por Dna. Pilar López. Efectivamente, temos máis de sete millóns de euros, dous millóns había en 2014. Cando este grupo pediu a redución do tipo do IBI, pola carga tamén de atrasos aos veciños –se aumentou o superávit, é porque aumentou a recadación-, criticáronnos, o tempo pon no seu sitio. A favor, de acordo coa lei de estabilidade e sostibilidade financeira; este remanente, de acordo con esa normativa, é para sanear. Que pensa facer con ese superávit aínda dispoñible? Sexa un pouco máis ambicioso para as propostas e necesidades que demandan os veciños. Di que faltan recursos, pero ten aí

iso dispoñible e o Decreto-lei ampliou as posibilidades de investimento. A favor, pero lamentamos que o superávit non vaia para a calidade de vida dos veciños.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que como xa dixeron anteriores intervinientes, está ben destinar estes fondos a reducir a débeda. A favor.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di respecto ao comentario inicial da portavoz do PP, que non é obrigatorio usar tódalas quendas nin todo o tempo de cada unha. Agradecer o apoio para cancelar carga financeira, no que se pode facer este ano. Non hai obriga estrita de darlle destino ao superávit. En que imos investir? Estamos traballando niso. Non é certo que teñamos recibido un millón de euros da Deputación. Tampouco que só fagamos asfaltar, está tamén o saneamento e outras cousas. Herdamos unha boa situación económica? Non dixen que non, deixémolo en que había un equilibrio. Sobre o plan económico-financeiro, nin a Xunta nin o goberno do Estado tomaron ningunha medida, foi caso único que non se aprobase un plan presentado ao Pleno. Este ano cumpriuse todo e o plan non está pendente. Dille á portavoz do PP que o IBI subiuno o goberno central e está na altura que que o puxo. Sobre os atrasos, son edificios non dados de alta; se levaban así máis anos que os catro de prescrición, que pasa cos anos que defraudaron? A regularización estivo ben, porque agora a que fai Facenda custa 60 euros. Se ten dito que as conducións son de Aqualia, non quere que o pague o Concello, igual que outros soterramentos. A presión fiscal, dende o ano 2015, non só non subiu, senón que baixou, pode consultar aos servizos económicos desta casa, hai un documento que así o establece. Remato agradecendo o apoio.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que na segunda páxina do informe de Intervención está citada a norma legal sobre destinar os fondos en primeiro lugar ás obrigas da conta 413, e en segundo lugar a reducir o endebedamento. Isto vén da lei. A situación económica é mellor en xeral, lamentablemente non para todos. Vostede ten un compañeiro no BOE cunha débeda pendente. Ademais dalgunha lindeza do seu portavoz, que é de quen se trata, como a de que hai que nos correr a gorrazos, non é de recibo que non se paguen os impostos, é reprobable. Mellor que non se siga ese exemplo, non teriamos nin superávit nin Remanente de Tesourería. Na lei electoral, son inelixibles os debedores por resolución xudicial; non é o caso, pero por decencia, por ética, debe dar exemplo e pagar os impostos.

( Dna. Maribel García Díaz non intervén na segunda quenda).

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que se refire a iso de que o IBI subiuno Montoro e se queremos que baixe, que o baixe Montoro. A subida foi cando o plan de axuste, agora é posible baixalo e vostede non quere. Non aumentou o tipo, pero mantívoo; coa valoración inmobiliaria, págase máis. Que elemento introduce de fraude fiscal? Se o Concello ten os cartos, é porque saíron dalgún sitio. O que non di é que a documentación técnica custaba máis que os 60 euros. As conducións de Aqualia, que as faga a empresa, pero haberá cousas que non lle corresponden a Aqualia, senón ao Concello. Respecto aos cableados, vostede non quiso facer a preinstalación na rúa do Conde.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén na segunda quenda).

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

Do Sr.Alcalde, que di que ten o informe económico municipal de que baixaron os impostos. Chámase fraude o de máis de catro anos para atrás por obras non declaradas. Reiterar o agradecemento polo apoio a esta iniciativa.

## 6. REQUIRIMENTO Á EMPRESA AQUALIA DE INVESTIMENTOS PREVISTOS NO CONTRATO E NA OFERTA DA EMPRESA PARA A CONCESIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO.

Polo Sr.Secretario dáse conta do que resulta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos.

Tralas intervencións regulamentarias, non hai lugar a votar sobre o fondo do asunto, xa que por aplicación do artigo 92.1 do ROF, O PLENO MUNICIPAL, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e seis votos en contra (Grupo Socialista), ACORDA QUE O EXPEDIENTE QUEDE SOBRE A MESA.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que o 26 de xullo de 2016 houbo un posible acordo, porque se dixo que un mal acordo é mellor que un bo preito. Retirouse do Pleno porque reclamabamos as contas do Centro de traballo de Monforte e obras como a da rúa Corredoira. O 28 de novembro de 2016 volveu ao Pleno con máis informes, que non aportaron nada novo e tiveron un custo aproximado de 7.000 euros. A oposición díxolle que non ao acordo, porque só lle interesaba á empresa; menos mal, xa que a sentenza do TSXG foi totalmente a favor do Concello e grazas a ter gañado esa sentenza, Aqualia desistiu dun segundo contencioso. Cun pouquiño máis de xeito, vén outro requirimento, agora reclámanse, de 2001-2003, 2.221.980,43 €, máis 1.362.923,82 € de xuros, o que suma en total 3.584.904,25 €. Aqualia acepta 1.005.796,67 €. Gústanos un pouco máis este requirimento. Seguimos tendo só un pouco, o de 2001-2003. Gustaríanos saber se se vai reclamar o resto de cousas e cando. Cando conteste, manifestaremos o sentido do voto.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que seguimos co *culebrón* de Aqualia. O contrato é de 2001, estamos en 2018 e seguimos con isto e témome que seguiremos. Aínda que o de 2001-2003 é importante, tamén despois hai cousas, a pregunta vai na liña da anterior interveniente, por que non se fai un requirimento conxunto? Creo que sería máis claro, hai un baile de cifras que un xa non sabe de que van.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que o contrato de 2001, co PP, tivo un procedemento impecable. Dende entón, perdeuse a oferta, non se fixeron requirimentos, etc. O actual Alcalde foi 1º Tenente de Alcalde no primeiro mandato do BNG e non dixo nada. Cando chega a Alcalde, quere compensar. Trouxo informes na liña de favorecer á empresa. Dende entón, houbo unha sentenza desestimatoria e a desistencia de Aqualia. Isto é un novo episodio, onde antes eran 1,7 millóns de euros, son 2,2 e ademais os xuros. Cantas veces lle recordamos outros conceptos que vostede dicía que non era posible! A primeira peculiaridade é que sendo competente o Pleno, xa lle dirixiu isto á empresa dende a Xunta de Goberno e a empresa xa alegou. Agora propónse un acordo, pero a empresa

### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018

DOCUMENTO: 20180172439

QR:<https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4>

xa foi requirida e as súas alegacións baséanse no non acordo anterior. Isto a que dá lugar? A cambiar obras por cantidade? Non engade obras posteriores como a da rúa Corredoira, como confiar en que vai reclamar todo? Este Grupo non dá crédito a isto. Por que non esas outras cousas? Por que non se deixa na mesa para integralo? Por que xa hai acordo da Xunta de Goberno e alegacións da empresa?

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que se trata dun *culebrón* como dixo Esperta Monforte. É unha empresa que incumpre sistematicamente. Tráensenos uns informes, pero onde está a aula da natureza ou o parque acuático, son 18 anos sen cousas que se prometeron, e está o lucro cesante e tanto que se perdeu. Este é un tema de Concello, de todos poñer en claro este contrato, sen utilizar este tema como búmerang político. Estudalo profundamente e dunha vez por todas acabar con isto. Aínda nos quedan outros sete anos de contrato.

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que a expresión de mellor un mal acordo que un bo preito, é un refrán popular. Informes houbo, e no fondo todos coincidían. O contrato, a oferta, etc., é o que é. Houbo informes do Concello, dunha empresa, da Deputación, da Universidade de Vigo, da Universidade de Santiago –feito este polo rector que acaban de elixir-. O único que se intentaba era normalizar despois de catorce anos, cun proceso de diálogo, que o Pleno rexeitou. Hai que intentar outra vía. Houbo un trámite de audiencia para traer esta proposta de requirimento de 2.221.980,43 € máis 1.362.923,82 € de xuros, o que fai 3.584.904,25 €. Refírese exclusivamente ao que nace coa firma do contrato. Outras reclamacións terán o seu expediente. O informe da Universidade de Vigo fíxoo Santiago Lago, nomeado por Feijoo para o financiamento autonómico. Sobre a audiencia á empresa, xa informou o Secretario na Comisión. Parece que non lle vale nada a Dna. Julia Rodríguez. Aquí hai unha situación que non é normal, con incumprimentos dende 2001. Se esta vez non ten éxito a proposta da Alcaldía, haberá que deixalo para outro mandato.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle pregunta ao Alcalde cando pensa requirir o resto. Son razoables as peticións de Esperta Monforte e do BNG, de requirimento de conxunto e de consenso. Isto parece un novo pacto, referido a un cachiño. E o resto? Xa leva dous anos co tema da rúa Corredoira.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que lle dá valor o Alcalde aos asinantes dos informes, poñendo o exemplo do recentemente nomeado rector. Iso era cuestión de crédito; a día de hoxe, xa non di gran mérito. O requirimento xa foi aprobado pola Xunta de Goberno, a quen lle quere colgar as medallas? Fagamos as contas dunha vez.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que se refire ao que dixo o Alcalde sobre a expresión dun mal acordo e que dous intentos son suficientes. Co contrato nacen tódalas obrigas da empresa. Déixeo enriba da mesa, xa requiriu por órgano non competente. O que non nos valen son as chapuzas. Cantos requirimentos se fixeron por tantas cousas? Cantas sancións se impuxeron? Ningunha. Reclamar isto é un camiño que nos conduce a unha situación de erros. Este tema é para máis de dous intentos. Déixeo enriba da mesa. O que reclame, reclámeo ben. Non faga chapuzas.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias non intervén na segunda quenda).

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

Do Sr. Alcalde, D. José Tomé Roca, que di que se van facer os requirimentos. Os expedientes levan a súa dinámica e cando estean os informes, virán. Connivencia coa empresa? Diso nada. Se alguén está requirindo á empresa, é o actual goberno. Eu non lle recoñecín obras, outras veces fíxose. Dille a Dña. Julia Rodríguez sobre chapuzas, que estamos aquí polas do seu partido. Deixalo sobre a mesa é teatro. Xa se dixo na Comisión Informativa que non era acordo de requirimento, que era audiencia, explicouno o Secretario. Segundo a Universidade de Vigo, e tamén agora os técnicos municipais, proceden os xuros. É a oportunidade de arranxar obrigas nacidas co contrato.

(O Sr. Secretario informa de que se a petición de deixar o asunto sobre a mesa, é formal, hai que decidir primeiro sobre iso, de acordo co artigo 92.1 do ROF).

## 7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN COA SUPRESIÓN DE PASOS A NIVEL NA CIDADE DE MONFORTE.

(No debate conxunto deste asunto e o do punto 14 da orde do día, auséntanse e reincorpóranse Dña. Gloria Prada Rodríguez e Dña. Marina Douton Rajo).

Polo Sr. Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 14 da orde do día, acórdase o seguinte en votación separada:

“Exposición de motivos.

Nos últimos 135 anos a historia de Monforte está moi ligada ó ferrocarril, onde ambos se beneficiaron mutuamente e aportaron cousas positivas, tanto para o desenvolvemento do transporte de persoas e mercadorías, como para o crecemento da cidade.

Na actualidade, a nosa cidade é atravesada por tres liñas ferroviarias con saída para Lugo, Ponferrada e Ourense, nas cales se ubican seis pasos a nivel que hoxe en día dificultan o desenvolvemento urbanístico pero, sobre todo, supoñen un perigo para a vida das persoas, como xa ten ocorrido, lamentablemente, en reiteradas ocasións.

A cidade de Monforte está pagando un prezo demasiado caro, a día de hoxe inaceptable, dado que son xa seis persoas as que perderon a vida nos últimos 18 anos en sucesos parecidos, ademais doutros accidentes que, afortunadamente, non tiveron un fatal desenlace, como vén de ocorrer recentemente.

Estes datos son suficientemente elocuentes para que, dun xeito urxente, o Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), ou ben, o Ministerio de Fomento directamente, levan a cabo as obras de supresión dos pasos a nivel, anunciado en reiteradas ocasións pero que, na realidade, non se ten acometido a súa supresión. Curiosamente, o ADIF fala de suprimir 5 pasos a nivel cando a cidade de Monforte ten 6.

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

O xeito máis razoable de suprimir simultaneamente todos os pasos a nivel, é cando se leven a cabo as obras da tan necesitada, prometida e esperada variante ferroviaria de Monforte, que debe formar parte da liña de velocidade alta entre Ourense e Lugo.

A citada variante figura en tódolos documentos e estudos relativos á mellora da vía do ferrocarril entre Ourense e Lugo, e resolvería definitivamente a problemática que se deriva da existencia de 6 pasos a nivel dentro do casco urbano; 3 na vía de Monforte-Ourense (A Florida, Francisco Moure e Reboredo), 2 na vía Monforte-Lugo (Rioseco e Juan Montes) e 1 na vía de Monforte-Ponferrada (Valle-Inclán).

Resulta evidente que a permanencia dos pasos a nivel dentro do casco urbano supoñen un perigo e un risco certo para a seguridade e a vida das persoas, non habendo a día de hoxe ningunha causa que xustifique a permanencia dos pasos a nivel na situación actual, que ademais do risco que supoñen para a cidadanía, tamén dificultan o desenvolvemento urbanístico da cidade.

Como xa se ten publicado en diferentes medios de comunicación, varios destes pasos a nivel, e moi especialmente o da Florida, superan con moito o índice máximo de densidade de tráfico, por encima do cal o Ministerio de Fomento considera imprescindible suprimir ese paso, porque así o establece a Lei de Ordenación de Transportes Terrestres.

Tamén a cidadanía en xeral, e moi especialmente a que reside preto dos pasos a nivel, non oculta a súa indignación polos recurrentes episodios de perigo que se producen sen que a administración competente leve a cabo melloras reais para a seguridade das persoas.

Por todo o exposto, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte,

#### ACORDO

1. Solicitar ó Ministerio de Fomento e ó ADIF que, con carácter urgente, adopten as medidas de seguridade necesarias para evitar que se repitan accidentes como veñen de acontecer nos últimos meses, dotando ó paso a nivel para peóns dunha barreira física que impida o avance das persoas cando haxa circulación de trens.
2. Que o ADIF contrate, á maior brevidade posible, a variante ferroviaria de Monforte que permita suprimir os pasos a nivel que o propio Ministerio ten anunciado e que aínda non se levou a cabo.”

No debate conxunto deste asunto e o do punto 14, producíronse as seguintes intervencións:

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que le a moción do seu Grupo e os puntos do acordo.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica a moción do seu Grupo. Escoitei esta mañá na radio ao Alcalde dicir que o PP copiou a iniciativa, cando no último mandato viuselle a el ir a rebufo dos demais. Esta portavoz non trae só aquí esta iniciativa, senón que a levou ao Parlamento de Galicia, e esta é copia exacta da do Parlamento, presentada o 16 de abril, dous días antes

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439<br>QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 |   |



de que presentase aquí a súa o Grupo Socialista. Copieime a min mesma dous días antes de que puidese copiar outra. Espero o apoio da Corporación para estas iniciativas.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que non se sabe quen copiou de quen. Imos votar a favor das dúas mocións. Hai unha vella reivindicación, xa de pequena oía falar do bypass da Florida; canto antes o fagan, mellor. É necesario que Adif poña unha barreira para peóns.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que tamén está a favor, é de xustiza. O meu Grupo trouxo unha iniciativa solicitando isto mesmo, recibindo recriminacións de Dna. Julia Rodríguez. Tamén é noso un rogo sobre o mal uso das barreiras de Francisco Moure.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que apoian estas iniciativas. Son precisas e necesarias. O que temos, que funcione ben, como o caso de Francisco Moure, referido por Esperta Monforte; hai pouco, estaba a Policía Local velando polo tráfico. Apoiamos cantas medidas sexan a prol da seguridade.

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que non está ao tanto do Parlamento nin da radio, pero aquí houbo unha carta anterior do Alcalde. O PP podería pedirillelo directamente aos seus compañeiros que gobernan sen intermediar con esta iniciativa. A carta xa a anunciou hai tempo o Alcalde e a moción é do 18 de abril, a do PP vén con urxencia fóra de prazo e pódese dicir que está copiada porque di basicamente o mesmo que a xa presentada. Benvida, en todo caso, ao sentido común. O proxecto da variante está no caixón dende que goberna o PP. A prensa é contraditoria, a ver ao final. Os responsables de Fomento descoñecen as necesidades de Monforte. O do PP é lamentable. Votamos a favor.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que reitera que levou a iniciativa ao Parlamento. O da moción fóra de prazo, non llo consinto. Miro o prazo das Comisións informativas, outros saberán. O PP gobernou oito anos con Aznar e agora os de Rajoy –con crise- e lévase adiante o AVE. Se se están licitando os proxectos, podemos ter unha idea dos tempos. Se quere política sobre presentación de mocións, o noso compromiso é estar aquí ata a hora que faga falta.

(Dna. Pilar López Martínez, Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias non interveñen na segunda quenda).

## **8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO ORZAMENTO COMPROMETIDO POLO GOBERNO DE ESPAÑA PARA DESENVOLVEMENTO DAS MEDIDAS CONTEMPLADAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

(No debate deste asunto, auséntanse e reincorpóranse D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Alicia Cadarso Palau e D. Manuel Jesús López Sánchez).

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres ha de ser unha prioridade para toda a sociedade e tamén unha obrigaón que corresponde aos partidos políticos e en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

O Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero aprobado polo Congreso dos Deputados vincula directamente aos partidos políticos, poderes do Estado, Administracións Autonómicas e locais, no compromiso adoptado para contribuír á erradicación da violencia de xénero.

O Pacto de Estado, é un instrumento complementario da nosa actual lexislación, que establece os marcos de coordinación institucional precisos para o desenvolvemento das diferentes medidas acordadas. Un total de 213 propostas de actuación que abordan o problema de maneira integral e que no seu conxunto melloran a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e a das súas fillas e fillos.

Pero non se poderá avanzar na erradicación da violencia machista e na atención específica ás mulleres, se non se establecen estes mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, e tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas Administracións (Comunidades Autónomas e Concellos), dos recursos económicos adecuados.

Hai que resaltar con respecto ás atribucións e competencias das Administracións Autonómicas, o recolleito no Pacto: “O disposto no presente Pacto deberá ser interpretado sen prexuízo do pleno exercicio polas Comunidades Autónomas das competencias que teñen atribuídas en virtude dos respectivos Estatutos de Autonomía, non podendo, en consecuencia, vincular ás Comunidades Autónomas ou outras Administracións Públicas, as recomendacións contidas no presente Informe cando afecten aos seus respectivos ámbitos competenciais”.

Este aspecto é fundamental, ao recoñecer o esforzo e o compromiso económico das Administracións Autonómicas e Locais no marco das súas competencias específicas, dedicado á loita contra a violencia de xénero.

Por iso, e en función das medidas establecidas no Pacto, débese dotar ás devanditas Administracións das partidas económicas específicas correspondentes fixadas no Pacto, e comprometidas polo propio Goberno.

En base a estes acordos, hai que lembrar tamén que todos os Grupos Parlamentarios apoiaron e votaron a favor a Proposición Non de Lei presentada polo Grupo Socialista en outubro de 2017, relativa á solicitude ao Goberno de España a aprobación por Decreto Lei, en caso de prórroga orzamentaria, o

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

incremento de polo menos 200 millóns, para dar cumprimento aos acordos orzamentarios do Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero.

Acordo que o Goberno de España incumpriu, a pesar de ser votado a favor polo Partido Popular.

Á súa vez, hai que destacar e denunciar que na proposta de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, incúmprese de novo o compromiso orzamentario comprometido no Pacto.

Por todo iso, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

### ACORDO

1.- Instar o Goberno de España a que nos Orzamentos Xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás Comunidades Autónomas e aos Concellos, destínense, vía transferencias un incremento anual de 20 millóns de euros aos Concellos e 100 millóns de euros destinados ás Comunidades Autónomas.

Tal como figura no acordo do Pacto que di textualmente: “Os Orzamentos Xerais do Estado, destinarán, vía transferencia aos Concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante o próximos cinco exercicios”.

2.- Dar traslado deste acordo Plenario ao Presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao conxunto dos Grupos Parlamentarios no Congreso dos Deputados.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Marina Douton Rajo, portavoz suplente do Grupo Socialista, que le a moción e os acordos que nela se propoñen.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están totalmente a favor desta moción. Temos que atallar a violencia de xénero. Hoxe mesmo, en Burgos, houbo unha morte despois dunha malleira. Nestes día nos que a sentenza da “manada” nos encolle o corazón, apelamos ao sentido común; respecto á xustiza, pero está o que tivo que vivir a rapaza naqueles momentos. Hai moito por facer.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que fai súas as palabras que acaba de escoitar. Tiven que escoitar recriminacións pola non aprobación do orzamento. Grazas ao PNV van saír adiante. Nin así o PP está cumprindo e apúntase cando chega o 8 de marzo. Sexan coherentes, e se non fan o que hai que facer, estean calados.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que subscribe o dito sobre os últimos acontecementos. Imos apoiar esta moción. Dille á Dna. Maribel García que non lle recrimina nada, cada un di o que lle parece. Os orzamentos están agora en negociación. En Marea –vinculada a Podemos- que

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

presente tamén emendas sobre a violencia de xénero e que negocie isto, o mesmo o PSOE. A habilidade do PNV é posible tamén para outros. Coherencia: o mesmo lle digo.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que está claro que sen orzamento, temos meras declaracións de intencións. Hai tamén que profundizar en materia xudicial, miremos a Europa en tódolos aspectos. Lamentable o do xuíz, véxase a repercusión en todo o Estado.

(Non hai segunda quenda de intervencións).

De Dna. Marina Douton Rajo, que agradece o apoio. Que o orzamento chegue e se responda dunha vez, para acabar coa violencia de xénero partindo da formación en materia de igualdade.

## 9. DECLARACIÓN INSTADA POR AMNISTÍA INTERNACIONAL, ANTE A SITUACIÓN QUE ESTÁN A SUFRIR OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ASOCIACIÓNS E ONG, A FAVOR DOS DEREITOS HUMANOS EN TURQUÍA.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta declaración foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións habidas, acórdase o seguinte:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Tras o fracasado intento de golpe de Estado de xullo de 2016, o goberno de Turquía emprendeu unha campaña masiva contra a sociedade civil, con encarceramentos masivos e a clausura de centos de medios de comunicación, asociacións e ONG.

Taner Kiliç, presidente de Amnistía Internacional Turquía, foi detido o 6 de xuño de 2017 no seu despacho de abogados, en Esmirna. Tres días despois foi acusado de “pertenza a organización terrorista”.

Un mes despois, o 5 de xullo de 2017 a policía irrompeu nun taller de dereitos humanos organizado na illa de Büyükada”, cerca de Estambul, e detivo aos 10 defensores e defensoras dos dereitos humanos participantes, sendo todas elas acusadas posteriormente de “pertenza a unha organización terrorista”.

- Idil Eser (directora de Amnistía Internacional Turquía).
- Günel Kurşun (Asociación da Axenda de Dereitos Humanos, membro fundador de AI Turquía).
- Özlem Dalkiran (Asemblea de Cidadáns, membro fundador de AI Turquía).
- Veli Acu (Asociación da Axenda de Dereitos Humanos).
- Ali Gharavi (cidadán sueco, consultor sobre estratexia dixital e benestar).
- Peter Steudtner (cidadán alemán, consultor sobre comunicación non violenta, estratexia dixital e benestar).
- Nalan Erkem (Asemblea de Cidadáns).
- Ilknur Üstün (Coalición de Mulleres).
- Şeyhmus Özbekli (abogado, Iniciativa polos Dereitos).
- Nejat Taştan (Asociación de Observación da Igualdade de Dereitos).

Todas estas persoas, cuxo único delito é a defensa pacífica dos dereitos humanos, afrontan cargos que poden suponer ata 15 anos de prisión.

#### FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018  
JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018

DOCUMENTO: 20180172439

QR:<https://portafirmas.monfortedemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4>

Tendo en conta o anterior, o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

1.- Instar ao Goberno de Turquía:

- Á retirada de todos os cargos é liberación incondicional de Taner Kiliç e Idil Eser, presidente e directora de Amnistía Internacional Turquía, e dos demais defensores e defensoras dos dereitos humanos.
- A garantir que as defensoras e defensores dos dereitos humanos poidan desenvolver o seu labor en Turquía libremente e sen temor a ser perseguidos.

2.- Dar traslado deste acordo á Embaixada da República de Turquía en España, ao Goberno de España a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e ao Grupo de Lugo de Amnistía Internacional.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están de acordo e comprometidos cos dereitos humanos.

Do Sr.Alcalde, D. José Tomé Roca, polo Grupo Socialista, que di que todos estamos comprometidos.

#### 10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó INCREMENTO DE ESTACIONAMENTOS NA ZONA DO HOSPITAL COMARCAL.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A zona do hospital, enténdese rúa Corredoira, rúa Irmáns Dapena e Abeledos, é unha zona que nos últimos anos viu incrementada a súa poboación e o tránsito de vehículos, por mor dos distintos establecementos comerciais, negocios de restauración, tendas de alimentación, etc. Este incremento de tráfico leva asociado un problema para o estacionamento de vehículos, sobre todo en horario de mañá, por coincidir este coa afluencia de usuarios do hospital. Esta falta de estacionamento ben se podía solucionar, como medida paliativa, creando novas prazas de estacionamento no inmovible existente á entrada do hospital, onde se atopan os transformadores de enerxía, que dan servizo a éste. Dito inmovible, ate onde este grupo ten coñecemento, é propiedade do Sergas. Esta actuación viría a resolver unha problemática reclamada pola vecinanza.

Porén, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 30.04.2018

Páxina 19 de 39

|  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439<br>QR:https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 |  |

## ACORDO

Instar ó goberno municipal a que faga as xestións oportunas e se dirixa á Consellería de Sanidade, para que ésta acondicione dito inmoible co fin de facilitar o estacionamento de vehículos”.

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que le a moción con algunha explicación adicional e o que se solicita nela.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que están totalmente a favor.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que posiblemente sexa ela unha das persoas que mellor coñeza esta problemática, sobre todo no inverno cando xea bastante e os toldos son usados por veciños da zona que non teñen garaxe. É unha realidade que tamén coñecen os xestores do hospital e non están a facer nada. A favor loxicamente da moción, pero nin se respecta o que xa hai.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que van apoiar esta iniciativa. O estacionamento existente é insuficiente, hai un número de prazas limitado que non chega para o número de usuarios. A favor.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que están a favor. O Hospital ten unha alta necesidade de estacionamento, agora non se lle dá resposta e iso afecta ás rúas próximas. Efectivamente é habilitable máis servizo de estacionamento que faga máis cómodo acceder ao Hospital.

(Non hai segunda quenda de intervencións).

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, que agradece o voto favorable. Esperar que se consiga.

### **11. MOCIÓN DE CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A LEVAR A CABO UNHA RENOVACIÓN INTEGRAL DA RÚA MORÍN.**

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“A rúa do Morín sitúase nunha zona de Monforte, que vai desde o barrio da Estación ata a mesma entrada da cidade desde Lugo. Nesta rúa ubícanse importantes servizos como a ITV ou a Residencia de maiores, así como accesos ao proxecto do Porto Seco.

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |



Non parece de recibo, polo tanto, que neste tramo teñamos infraestruturas en estado de abandono que afectan ao tráfico e por suposto á veciñanza que alí vive. Tal é así, que en 20 días do últimos 30 a zona estivo sen iluminación pública por tramos.

A renovación da instalación eléctrica é unha das demandas que traemos aquí, pero non é a única.

Ademais, queremos indicar que esta rúa precisa a renovación do abastecemento de auga, xa que hai problemas de presión nalgúns vivendas, e tamén a renovación das beirarrúas, debido á existencia de desniveis nas baldosas ou afundimentos da beirarrúa, o que provoca caídas de peóns, ás veces, de grandes consecuencias.

Segundo parece o problema da iluminación pública débese ao mal estado do cableado, e sendo conscientes de que o máis custoso é realizar a obra civil, consideramos que, unha vez que se acomete a obra para abrir as gabias para a canalización do cableado, cómpre aproveitar para levar a cabo o resto de actuacións necesarias neste espazo, para facelo máis cómodo e seguro para a veciñanza, sen esquecer o mal aspecto que presentan algunhas luminarias completamente oxidadas polo paso do tempo.

No tocante á renovación da rede de abastecemento de auga que presenta deficiencias nalgúns tramos por carecer da presión necesaria, entendemos que se lle debe de esixir á empresa concesionaria deste servizo que proceda á súa renovación, e por último a renovación das beirarrúas para que queden aniveladas e se supriman as fochancas existentes.

Neste sentido e entendendo que a petición se axusta a dereito, o Pleno da Corporación Municipal, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

#### ACORDO

1. Que se solucione o problema da falta de luz canto antes, xa que afecta gravemente a seguridade e a comodidade da veciñanza.
2. Que se acometan os pasos necesarios para que, a maior brevidade posible, se mellore de maneira integral a rúa do Morín por ser unha das entradas á cidade, no que se refire á renovación da rede de abastecemento de auga, á renovación do cableado e das luminarias e a renovación das beirarrúas.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que le a moción e os acordos que nela se poñen.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que anuncia o voto favorable. É unha iniciativa que axuda á vida dos veciños.

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | <b>DOCUMENTO:</b> 20180172439   |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que coinciden co pedimento da moción. Ímola apoiar.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que anuncia o voto favorable, como para todo o que sexa mellorar a calidade de vida da veciñanza.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que tarde se lembra da rúa do Morín. Non o fixo cando debía. Non é de recibo o que se di sobre o estado da rúa, ten valor que o diga quen gobernou doce anos coa rúa nun estado de abandono. Este goberno xa fixo melloras no barrio do Morín, o alumado é o mesmo de cando vostedes gobernaban. Esta rúa é da Xunta de Galicia e a auga é responsabilidade de Aqualia; veñen con esixencias cara a unha empresa coa que vostedes se aquietaron durante doce anos. As cousas non son como se contan. Son necesarias melloras e este equipo de goberno faraa como en tódolos barrios da cidade. Vostedes non cumpriron, o actual Alcalde cumpre.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle di ao Sr. Torres que non sabe se estará enfadado polo que lle dixo sobre os impostos sen pagar. Nós pedimos isto porque se están arranxando outras zonas, por que non tamén esta? O seu Alcalde tampouco reclamaba para Morín. Eu estou aquí dende 2011. A Morín naquel tempo non lle tocou. Vostedes fan lavados de cara, non pedimos iso, senón obrar con sentidoño. Claro que sei o de Aqualia, non lle digo que faga como na rúa Corredoira, igual non me escoitou o suficiente. Para compromisos, onde está o de Pacadar? Por non falar doutros. Utilizámoslos segundo nos conveñan. (O Sr. Alcalde di que despois explicará o de Pacadar).

(Dna. Maribel García Díaz, Dna. Julia Rodríguez Barreira e D. Emilio José Sánchez Iglesias non interveñen na segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que di que enfadarse é perder o tempo. Igual é o que vostede pretendía. Non vou entrar na baixeza da vida persoal. É compromiso deixar o partido polo que se presentou ás eleccións? Vostede aquí non dá leccións a ninguén, politicamente falando. Hai once anos, segundo a prensa da época, o Alcalde Severino e o Concelleiro Pavón anunciaron beirarrúas para Morín. Foi propaganda, non fixeron nada dese compromiso. Dende 2011 a 2015, enganaron aos veciños e agoran veñen os que non cumpriron. Credibilidade, ningunha. Nós seguiremos traballando.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que tanto que sabe dos partidos dos demais o anterior interveniente, ao mellor sabe algo. O único que insulta é vostede, ás tres portavoces, casualmente mulleres. Podo dicir cousas que lle gusten máis ou menos, pero quen insulta é vostede. Agradecer o apoio dos outros grupos e lamentar que o equipo de goberno non teña a ben ter en conta esta reclamación para a rúa Morín.

Do Sr. Alcalde, que di que cando hai documentos, non son inventos, son documentos. Explico todo o de Pacadar: a xestión coa sinatura de Villar Mir, o aval de 50.000 euros, a compra de terreos -por particulares e pola Deputación- pegados ao polígono industrial, a subvención do IGAPE. Un informe do anterior Alcalde de Monforte di que non pode sanear as augas da empresa, que o terreo non é reclassificable; iso a pesar de que a depuradora era suficiente. Ese informe impediu reclassificar os terreos.

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

## 12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE O SANEAMENTO DO LUGAR DE CALVOS NA PARROQUIA DE STA MARIÑA.

(No debate deste asunto, auséntase e reincorpórase Dna. Gloria Prada Rodríguez).

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e cun engadido tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º Os veciños do lugar de Calvos, viron fai anos como o anterior equipo de goberno levaba a cabo obras para a instalación do saneamento na parroquia de Santa Mariña, mentras se desatendían as súas reclamacións para que esas obras se fixeran extensivas ás súas vivendas.

O lugar de Calvos, é un dos núcleos orixinarios da parroquia. A orografía do terreo nese lugar, fai que as vivendas se situén nun plano descendente, de maneira que a ausencia de saneamento e dun axeitado sistema de recollida de augas pluviais, fai que as augas vertan dunhas vivendas hacia outras, e que mesmo os residuos poidan filtrarse, e dende logo producir olores especialmente en época estival.

2º Dotar o lugar de Calvos do axeitado sistema de saneamento e de recollida de augas pluviais, é imprescindible para que os seus veciños, contén cos mínimos servizos esixibles en pleno século XXI.

3º O Alcalde ven de jactarse de que vai deixar débeda cero o remate do seu mandato, amortizando os créditos contratados co remanente de tesourería.

Xa no seu día, solicitamos que se acometera o saneamento de Calvos con cargo ao Plan de Cooperación Local.

Agora insistimos en que esta é unha das obras que podería ser acometida cos remanentes de tesourería por tratarse dunha inversión financieramente sostible, das incluídas no RD-L 1/2018.

Por tal motivo, o Pleno, por once votos a favor (Grupos do BNG, do PP e de Esperta Monforte e concelleiras/o non adscritas/o), e seis abstencións (Grupo Socialista), adopta o seguinte

### ACORDO

1.- Instar ao equipo de goberno, a levar a cabo as obras necesarias para dotar o lugar de Calvos na parroquia de Santa Mariña, do axeitado sistema de saneamento e recollida de augas pluviais.

2.- Que se leven a cabo as obras necesarias tanto da FASE I como da FASE II para completar a totalidade da parroquia de Santa Mariña do Monte, para dotar de axeitado sistema de saneamento e recollida de augas pluviais”

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 30.04.2018

Páxina 23 de 39

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que explica a moción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que se refire á emenda que traen (é o que figura engadido como punto 2 do acordo adoptado). Estamos a favor, pero en 2010 fíxose unha fase cos cartos que había. Quedaron dúas fases: Calvos-A Torre e Mazairo-Solbeiro-Barrio Novo. A nosa emenda vai sobre o que figura no escrito do pedáneo do 24/06/2017. Le a emenda.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que están a favor, como en toda iniciativa para mellor.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que están a favor de todo o que sexa mellor. Débese rematar o saneamento.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que coinciden na crítica da exposición de motivos ao anterior rexedor. Diso non oímos queixarse á non adscrita. De acordo con que Calvos teña uns servizos mínimos esixibles, é un dereito de tódolos veciños. Sen leccións sobre axudas ao medio rural, aí peca o PP. A Xunta falta aos seus compromisos con Monforte, o propio Porto Seco sen depuradora. Esta moción é un pouco populista, mentres a Xunta non aporta nin un euro do canon de saneamento. Temos pagado máis de 400.000 euros ao ano sen recibir nada de retorno. Dígalle á Conselleira que nos devolva o diñeiro do saneamento.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que non sabe se o Sr. Torres fala en serio. Coincido no dereito de tódolos veciños, sen división entre eles, pero en Cobas, e en outros lugares, vemos rúas que se fan polo centro e non polos lados. O dito sobre a Xunta é de traca, porque o saneamento é competencia municipal, aínda así a Xunta fixo o proxecto e financiou o 50% da depuradora do Porto Seco. E os 2.500.000 euros para a potabilizadora? Iso non conta? E a eliminación de puntos que non respectan o medio ambiente? Vimos coa mellor intención, non ten sentido derivalo cara á Xunta. O saneamento é competencia municipal e o Alcalde xáctase de recursos, que son utilizables neste tipo de obra.

De Dna. Pilar López Martínez, que di que non ten sobre o Sr. Torres a sensación dubidosa da anterior interveniente. Comigo é resentimento. Santa Mariña do Monte non é do seu interese político, de alí é esta concelleira, que lle imos facer. Eu non inventei nada, Sr. Torres, lino. Fago un reto sobre Pacadar: se o Alcalde ten o informe do seu antecesor ou do equipo de goberno anterior, onde diga algo contra Pacadar, dimito ao día seguinte; se non o ten, terá que dimitir el. Se se acepta a emenda, estupendo. A favor da moción.

( Dna. Maribel García Díaz e D. Emilio José Sánchez Iglesias non interveñen na segunda quenda).

De D. Iban Torres Rodríguez, que lle di a Dna. Pilar López que non presuma sobre os seus estados de ánimo e que non terxiverse. Dille a Dna. Julia Rodríguez que falta o compromiso da Xunta; ela di que é traca, é un feito.

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439<br>QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 |   |

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di sobre falta de compromiso da Xunta, que moitos servizos funcionan grazas á Xunta: escola de idiomas, CIM, drogodependencias, rúas autonómicas, etc. Paréceme ben que diga, pero non admito ese ataque sistemático.

Do Sr. Alcalde, que lle di a Dna. Julia Rodríguez que no saneamento é competencia municipal a xestión, pero non a construción. Ademais, o Porto Seco foi un proxecto supramunicipal. Unha vez recibida a obra, xestiona o Concello, pero non lle corresponde a construción. Sobre recursos dispoñibles, o Sr. Montoro só deixa gastar o último superávit, dígalle que deixe facer. Dille a Dna. Pilar López que entende que se engarce niso, pero o documento sobre Pacadar haino. Vírono os medios de comunicación. Solicite se o anterior Alcalde o rexistrou, a Supleusa chegou.

### 13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A HUMANIZACIÓN DA RÚA ZAPARDIEL.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias, acórdase o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º No pleno do pasado 26.2.2017, este grupo municipal do Partido Popular, elevou unha proposta a Corporación na que se instaba ao equipo de goberno a acometer unha serie de actuacións en distintos viales da cidade. Entre esas actuacións, se interesaba a humanización da rúa Zapardiel. A proposta foi aprobada por 10 votos a favor, e 6 abstencións do equipo de goberno.

2º A Rúa Zapardiel, comunica a Rúa Calvo Sotelo coa Rúa Doutor Casares, e nela confluen outros viales que a comunican coa Rúa San Pedro. Nas súas inmediacións se atopa o IES RIO CABE, que ten acceso a esta rúa a través do seu polideportivo. Ademais, esta rúa ofrece un interese adicional, por canto discorre en paralelo ao Regato do Zapardiel e bordea e dá acceso ao parque existente na ladeira do Monte de San Vicente.

3º A diario transitan por esta rúa ademais dos seus residentes, moitos vehículos que dende a Rúa Doutor Casares se dirixen á Rúa Calvo Sotelo e queren evitar os semáforos existentes en ambas. Tamén os pais que deixan ou recollen aos seus fillos no polideportivo do IES Rio Cabe.

Tamén transitan por esta rúa moitos peóns, os propios residentes, os rapaces do IES Rio Cabe, os usuarios do polideportivo, as persoas que se dirixen ao parque do monte de San Vicente, ou aquelas que dende a Rúa Calvo Sotelo se dirixen á Rúa Doutor Casares e viceversa e queren atallar evitando dala volta por San Pedro.

4º E evidente que a Rúa Zapardiel é unha rúa moi transitada tanto por vehículos como por peóns. Nembargantes, a rúa é moi estreita nalgúns puntos, o que fai que sexa conveniente ensanchala no posible para dotala dunha maior seguridade vial para os seus usuarios.

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

O interese desta rua e a necesidade de ensanchala e mesmo dotala de sumidoiros para a recollida de augas pluviais, foi o que levou ao grupo popular a non limitarse a interesarse a mellora do seu firme, senón a pedir a súa humanización.

5º/ Recentemente, o Alcalde ten relacionado unha serie de rúas nas que vai actuar mellorando o firme. Entre esas rúas está a Rúa Zapardiel. Nembargantes, non parece que vaia a dar cumprimento ao acordo plenario no que se interesaba a súa humanización, senón que se limitará como en tantos outros casos a mellorar o seu firme.

Por tal motivo, o Pleno, por dez votos a favor (Grupos do BNG e do PP e concelleiras/o non adscritas/o), seis votos en contra (Grupo Socialista) e unha abstención (Grupo de Esperta Monforte), adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar ao equipo de goberno, a HUMANIZAR a Rúa Zapardiel:

- negociando cos propietarios dos solares limítrofes a cesión ou adquisición de terreo para o seu ensanche, naqueles puntos nos que sexa posible.

- dotandoa de sumidoiros e das instalacións necesarias para a recollida de augas.

- mellorando o seu firme e delimitando con sinalización horizontal a zona de tránsito peonil, así como con pasos de peóns, -particularmente na saída do polideportivo e na confluencia coas rúas que a comunican coa Rúa San Pedro-.”

No debate deste asunto producíronse as seguintes intervencións:

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, portavoz do Grupo do PP, que di que presentaron esta iniciativa o día 24. Sabiamos que xa os veciños contactaran co Alcalde. Vimos nesa rúa –bastante usada entre Calvo Sotelo e Doutor Casares- ao Alcalde e ao Concelleiro de Servizos nun espectáculo pouco edificante diante dos veciños. Dixo o Alcalde que a culpa era de non terse aprobado o Plan Xeral e que o PP non fixera a obra, que eu estaba a crear problemas e a enredar. Unha vez que fai unha obra, fágaa ben. Ao día seguinte, asfaltaron a rúa. Non reclamamos simplemente iso, trátase de ser un pouco ambicioso. O Alcalde non ten vontade de atender debidamente aos veciños. O que pedimos, despois diso, queda baleiro. Le os tres puntos que instan na moción. As augas pluviais verten sobre terreos particulares, imos mellorar cousas ou electoralmente só interesa o asfalto? Vostede quixo chegar ao Pleno coa rúa asfaltada e nin negociar nin nada. Lamentamos a circunstancia dese día da véspera do asfalto. Esperamos un acordo de apoio aos veciños, pero xa sen opción.

De Dna. Pilar López Martínez, representante das/do non adscritas/o, que di que parece que algún veciño cedería a cambio dun muro, hai que ser coidadoso co tema do retranqueo. Podo estar de acordo, pero deixando á marxe o retranqueo. Pode ser se o muro deixa máis terreo do que xa por lei debe ser; se

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |



non, moitos pedirían o muro. De acordo coa filosofía da moción. Obrar con xeito, si; pero no do muro a cambio de terra, hai que ser escrupulosos.

De Dna. Maribel García Díaz, portavoz do Grupo de Esperta Monforte, que di que a rúa Zapardiel é un paseo que ten o seu encanto, están ben tódolos esforzos. Gustaríame saber se o Alcalde acadou algunha negociación cos veciños. Resérvome ata a clarificación da discusión na rúa.

De D. Emilio José Sánchez Iglesias, portavoz do Grupo do BNG, que di que igual que co resto de iniciativas para mellora de rúas e outras, o seu apoio. Sobre negociar cos propietarios, saber se se contactou con eles e demais. Para un arranxo integral, se non hai Plan Xeral, poderá haber unhas liñas mestras para conformar unha rúa.

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que no epígrafe humanización, parece que cabe todo. Como dicían os veciños, agora hai moito que fale. O PP non tiña prioridade para a rúa Zapardiel. Este equipo de goberno ten xa feito melloras para os veciños. Habería que ver xuridicamente unha rúa dentro das Normas Subsidiarias. Antes de falar, hai que informarse. Nesa rúa faranse pasos de redución de velocidade, unha varanda protectora, sinalización e saneamento. Mellorouse o firme, iso é reprochable? Foi máis teatro que discusión na rúa. Os veciños ven que a rúa mellorou moito. Non é política de feitos consumados, a obra xa fora contratada en decembro e tamén houbo problemas coa Confederación Hidrográfica. A información que manexa Dna. Julia Rodríguez non é certa, esa desesperación que mostra non é boa. Nosoutros cumprimos en favor dos barrios, déixenos traballar polo ben de Monforte.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que esa zona e contorno ofrece posibilidades que non se corresponden co estado no que está. Eu son máis ambiciosa que o de asfaltar. Os veciños querían resolver o referido á parte estreita xunto a Calvo Sotelo. Infórmese ben, Sr. Torres, como eu me informo. Non reprochamos o firme, hai moito aínda que facer niso. O que cuestiono é que se fagan as cousas a medias. Que están os veciños contentos? Mellor iso que nada, pero a nosa obriga dende a oposición é ser máis ambiciosos.

De Dna. Pilar López Martínez, que lle pregunta a Dna. Julia Rodríguez se ten en conta o do retranqueo (a interpelada di que si). No ano 2008, o 12 de xaneiro, sae na prensa que se recibe o si de Medio Ambiente á actuación nese lugar; o Sr. Tomé, entón deputado autonómico, di que iso está mal e pon en tea de xuízo unha axuda da Consellería de Medio Ambiente de 300.000 euros. Pensa o ladrón que todos son da súa condición. Dixo que eu chamei ao 112; non o fixen, pero deume a idea de facelo. Botar escombros e despois terra, non me parece de recibo. Esperamos que teña permisos da Confederación Hidrográfica e de Patrimonio. Grazas polo do 112.

De Dna. Maribel García Díaz, que di que lle gustaría votar a favor. O traballo xa está feito. Como non está nada claro o que sucedeu, voume abster, pero gustaríame que esa rúa quedase bonita, cos cartos ben usados. Moralmente digo si, aínda que me vaia abster.

(D. Emilio José Sánchez Iglesias renuncia á segunda quenda).

|  |  |  |   |
|--|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

De D. Iban Torres Rodríguez, portavoz do Grupo Socialista, que di que segue sen entender o da humanización. Respéctoo pero non o comparto. Dixéronme dunha visita a algún veciño por un testamento; se me enganaron, Dna. Julia, desculpas. Vostede leva cuestionado todo. Dille a Dna. Pilar López que cando di que a insulta e o de que é muller, estase pasando. É consciente do que di vostede vía refraneiro, como o do ladrón? Apunta o dos demais e terxivérsao.

De Dna. Julia Rodríguez Barreira, que di que o de que non comparten a humanización, está claro. Vémolo tamén noutras rúas. Reflexionen sobre o que din os veciños da rúa Cobas, da rúa do Conde ou da rúa Zapardiel. Vai ser o máis asfaltador, Sr. Alcalde. Cre que iso é o noso futuro? Non o comparto. Hai que avanzar, mellorar, facer contornos atractivos. Carece de ambición e afán, agás o de gañar as próximas eleccións a base de asfaltar. Sinto que contratada a obra en decembro, o pasado venres botase o asfalto.

Do Sr. Alcalde, que di que teñen máis apoio que contestación. A algunha destas non é allea vostede. É que vostede quere perder as eleccións? A maior necesidade é que cumpran a promesa da instalación de dúas empresas no Porto Seco. Ese día estábase traballando en varias rúas coa empresa Taboada y Ramos, que marcaba o do día seguinte. Aquí hai unhas Normas Subsidiarias que hai que respectar, co que vostede propón incluso estariamos fóra de ordenación. Hai un contrato que hai que cumprir. Ese veciño veu falar comigo, resulta que o do testamento non é certo, con información real, dunha dos herdeiros. Dos catro veciños que había alí, unha dixo que Julia dixerá que a rúa fose só para residentes, iso é privatizar unha rúa pública? Nós temos unha misión que é gobernar, o resto para vostede.

#### 14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A ELIMINACIÓN DE PASOS A NIVEL NA CIDADE DE MONFORTE.

Polo Sr.Secretario dáse conta de que esta moción foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos. En base a dito ditame e tralas intervencións regulamentarias e tralas intervencións regulamentarias en debate conxunto co punto 7 da orde do día, acórdase o seguinte en votación separada:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

1º 1.- A existencia de cruces de estradas coas vías de ferrocarril é un feito consecuencia do desenvolvemento das cidades e dos pobos no entorno das vías férreas.

O número de pasos a nivel existentes hai 40 anos foron reducíndose de modo notable ademais de ir implantándose medidas de seguridade naqueles que siguen en servizo, especialmente, nos últimos anos. Inda así, son moitos os pasos a nivel que permanecen en servizo, sendo necesario seguir eliminandos, non so para gañar en tempos de viaxe e comodidad, sobre todo, para mellorar a seguridade dos cidadáns. Monforte é unha das localidades que conta cun importante número de pasos a nivel, -8 concretamente- nos cerca de 6 km de vías que percorren o Concello. 6 de eses pasos se atopan na propia trama urbá.

A cidade conta cun longo historial de accidentes e vidas truncadas o longo dos anos nos seus pasos a nivel. Os episodios mais recentes, se produciron o pasado mes de decembro, no que unha muller perdeu

|  |  |  |  |
|--|--|--|--|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>                         |  | DOCUMENTO: 20180172439   |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018 | JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR:https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 |

a vida no paso a nivel da Florida, e a principios deste mes de abril, no que outro accidente, nese mesmo paso, case lle costa a vida a outro veciño do barrio.

O Adif ten anunciado a súa intención de suprimir nos próximos anos, 30 pasos a nivel na liña entre Monforte e Lugo e seis na liña entre Monforte e Ourense. Cinco de eses pasos a nivel se sitúan na propia cidade de Monforte.

Según ten informado o Adif, está en marcha a contratación dos proxectos técnicos, que se teñen dividido en nove lotes, organizados con criterios de “proximidade e complexidade na solución”.

Atendendo aos accidentes producidos na cidade de Monforte, nos últimos meses, creemos que é necesario priorizar a supresión dos pasos, con arreglo aos riscos que representan para a seguridade dos cidadáns.

Por tal motivo, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

Instar ao equipo de goberno:

A demandar ao goberno do Estado que o Adif priorice a eliminación dos pasos a nivel existentes na cidade de Monforte, no conxunto dos que se ten previsto eliminar nos próximos anos.

E a que en tanto estes pasos non sexan eliminados, se reforcen os sistemas de seguridade de que están dotados, especialmente naqueles que contan cun maior tránsito de vehículos e persoas, -como é o paso a nivel da Florida-, a fin de garantir a seguridade do tránsito viario, ferroviario e mesmo peonil.”

#### 15. MOCIÓNS E ASUNTOS DE URXENCIA.

Segundo o previsto no artigo 91.4 do ROF, por ser esta unha sesión ordinaria, o Pleno, por unanimidade, acorda incluír o seguinte asunto:

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (RÚA DUQUESA DE ALBA, SAN LAZARO, CALVO SOTELO, SAN PEDRO, CORUÑA, CHANTADA, TECELANES E OURENSE).**

En base á proposta presentada, acórdase o seguinte:

“Adoptado acordo pola Xunta de Goberno Local a efectos desta solicitude, o Organismo que tramita a axuda entende que debe ser o Pleno municipal.

En consecuencia, o Pleno municipal, por unanimidade, adopta o seguinte

#### ACORDO

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

Ratificar a solicitude aprobada pola Xunta de Goberno Local para a **RENOVACIÓN DAS INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (RÚA DUQUESA DE ALBA, SAN LAZARO, CALVO SOTELO, SAN PEDRO, CORUÑA, CHANTADA, TECELANES E OURENSE)**, ao abeiro do *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020*,

E aprobar de forma expresa:

1º.- A participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este Real Decreto.

2º.- As actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable e a dotación orzamentaria – condicionada á obtención do cofinanciamento FEDER- para levalas a cabo.

3º.- A Memoria descritiva das actuacións a acometer. A Memoria ten como título do Proxecto “RENOVACIÓN DE INSTALACIONES DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS”, o orzamento/custo elixible é de 103.990,00 € para unha axuda solicitada de 83.192,00 € (80%) e está subscrita por D. Alfonso Fernández Losada, Enxeñeiro Industrial, de Abante Ingeniería, S.L.P.

(Non houbo intervencións neste asunto).

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### 16. INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 28.03.2018, de 11.04.2018 e de 23.04.2018) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

### 17. ROGOS E PREGUNTAS.

1º.- **ROGO PRESENTADO POR REXISTRO O DÍA 24 DE MAIO DE 2018.** Formúloa a portavoz do Grupo, Dña. Julia Rodríguez Barreira, con algunha explicación ao respecto e referíndose previamente a que o Alcalde non dixo o realmente sucedido cos veciños e que algo terá que dicir aínda que haxa unhas empresas contratadas.

### ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN AO DERRIBO DUNHA VIVENDA RUINOSA SITA NA PARROQUIA DE REIGADA.

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

“EXPÓN:

-O 1.3.2016, a Asociación de Veciños de Reigada, presentou un escrito neste Concello, no que solicitaba que se requirira os propietarios da casa sita en Reigada n.0 26, para que derribaran a vivenda ou fixeran nela os arranxos necesarios a fin de evitar os riscos que esta casa representaba para os veciños e usuarios da via na que se atopa, dado o seu estado ruinoso.

A casa sitúase no trazado do Camiño de Inverno, e por tanto, por alí transitan -ademais dos propios veciños-, peregrinos, que se aproximan a vivenda descoñecedores do grave risco que representa.

-Dende que a asociación de veciños presentou esta solicitude, nada se ten feito para ASEGURAR este inmovible. A día de hoxe, a súa cuberta tense derrubado na maior parte; únicamente permanece a fachada principal, que en calquera momento podería esmorecer -xunto co resto da cuberta-, sobre o vial que lle da entrada, co risco que esto representa para os vehículos e peatóns que a diario transitan polo lugar.

-Este grupo ten sabido que o actual titular da vivenda é o Estado, a quen o Concello lle ten solicitado que actúe sin obter resposta.

Non se pode obviar a abrigo e a responsabilidade que lle corresponde ao Concello, no sentido de adoptar as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas e evitar danos, no caso de que as vivendas ameacen ruina, procedendo á execución subsidiaria, ante a inacción da propiedade.

Polo exposto, RÓGASE, -á vista do estado ruinoso que presenta a vivenda citada e o risco de colapso estrutural que ofrece-, que o Concello, execute subsidiariamente as medidas necesarias para a demolición e o derribo da vivenda sita en Reigada nº 26, repercutindo os custes á propiedade.

### Resposta do Alcalde:

(Dille primeiro: Negocie o que estime oportuno, non nós imponha a nós como facelo).

Hai informes do técnico municipal do 15/03/2016 e do 06/09/2017 sobre a situación de ruína para o expediente a ese efecto. Os titulares do inmovible presentaron unha escritura notarial do 28/09/2017, pola que renuncian a calquera titularidade ou dereito real sobre o mesmo, o que orixina automaticamente un dereito a favor do Estado. Disto demos conta a Patrimonio do Estado, que o recibiu o 12/12/2017. Recollemos o rogo e transmitíremoslo ao Estado.

### 2º.- ROGOS E PREGUNTAS QUE QUEDAN PARA A SEGUINTE SESIÓN.

#### A) PREGUNTAS E ROGOS DAS/DO CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O, PRESENTADOS POR REXISTRO ELECTRÓNICO O DÍA 29 DE ABRIL DE 2018.

##### a) PREGUNTAS SOBRE A INSTALACIÓN DUNHA VARANDA NA RÚA ZAPARDIEL.



|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

“A pasada semana deron comezo as obras de instalación dunha varanda na rúa Zapardiel. En primeiro lugar, queremos aclarar que nos parece conveniente a instalación da varanda porque redundará na seguridade da nosa veciñanza, mais tamén deberíamos de preservar o noso medio natural e en concreto o regato Zapardiel, sendo coidadosos con el.

A obra á que facemos referencia consistía en realizar unha pequena base de cemento para a instalación da varanda, para iso, procedeuse á retirada de terra e pedras que, en lugar de depositalos nalgún recinto, camión ou remolque para transportalos a un lugar de reciclaxe, como se lle esixe a calquera cidadán, por poñer un exemplo a Asociación Prodeme, fóronse tirando cara este regato, de xeito organizado, primeiro os escombros e por riba a terra.

Non falamos dunha pequena pedra como o Sr. Alcalde manifestou nalgún medio de comunicación, senón que todos os materiais que a máquina ía movendo, ían caendo ao cauce do regato Zapardiel. Consideramos que isto é unha ilegalidade, ademais dunha grande irresponsabilidade.

Entendemos que para poder realizar esta obra, o concello dispón da autorización correspondente por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e dado que estamos a falar do entorno do conxunto monumental de San Vicente, tamén de Patrimonio por ser ámbito de protección.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas:

- 1. Que medidas de protección se tomaron para preservar a execución desta obra nun entorno vulnerable como é o regato Zapardiel?**
- 2. Cal é a data concreta na que se realizou a correspondente solicitude de autorización para executar esta obra á Confederación Hidrográfica Miño-Sil?**
- 3. Con que data se recibiu no concello o permiso da Confederación para levar a cabo esta actuación?**
- 4. Esta actuación de instalación da varanda, está condicionada á autorización de Patrimonio? ”**

**b) PREGUNTAS SOBRE A APERTURA DO CENTRO DE RECEPCIÓN DE PEREGRINOS.**

“De sobra son coñecidas as posibilidades turísticas que ofrece o denominado “Camiño de Santiago de Inverno” ao seu paso pola nosa cidade. En numerosas ocasións temos proposto alternativas para que Monforte aproveite esta oportunidade, e, pola contra, desde o actual goberno municipal a parálise é a nota predominante á hora de traballar na promoción turística.

Ante esta situación, formulamos as seguintes preguntas:

- 1. Cales son os prazos para a execución e posta en marcha do novo Centro de Recepción de Visitantes?**

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |



2. Que obxectivos ten o seu goberno en canto á promoción do “Camiño de Inverno” para este 2018? ”

**c) PREGUNTA E ROGOS SOBRE AS BAIXADAS DE AUGAS PLUVIAIS NAS RÚAS NAS QUE SE RENOVARON AS BEIRARRÚAS E/OU A RÚA.**

“Nos últimos tempos téñense renovado as beirarrúas de diferentes rúas monfortinas como son a rúa Corredoira, a rúa Duquesa de Alba, a rúa Conde e a rúa Estrela. Chámanos a atención que, nalgúns casos, as baixadas das augas pluviais dos edificios non se atopan conectadas ás tubaxes subterráneas, mentres que noutros casos si que o están. Non sabemos se, como se pode ler nas redes sociais, obedece a unha cuestión estética ou de hixiene para que poidamos lavar os pés.

Por este motivo, presentamos a seguinte **PREGUNTA**:

**1. Por que razón non se conectaron, na súa totalidade, todas as baixadas de augas pluviais?**

Ademais formulamos o seguinte **ROGO**:

- 1. Que se conecten todas as baixadas das augas pluviais nas rúas sinaladas anteriormente, xa que o aspecto que presentan as rúas así é negativo e inacabadas, e que, no sucesivo, cando se renoven as beirarrúas, se fagan as obras con cabeza para non ter que abrir zanzas ou levantar baldosas ao día seguinte.**
- 2. Que na rúa da Estrela, fronte do número 58, parece que quedou escaso de asfalto, tal como se pode apreciar na fotografía que achegamos, polo que lle solicitamos que se remate en condicións.**
- 3. Que se melloren as conexións da rúa Estrela coa rúa Historiador Germán Vázquez e a Praza do Piñeiro, xa que pode existir problemas coas rodas dos vehículos.**

(A continuación, figuran cinco fotografías).

**B) ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE ESPERTA MONFORTE, REMITIDOS AO CORREO ELECTRÓNICO DO SECRETARIO DO CONCELLO O 29 E O 30 DE ABRIL DE 2018.**

**a) ROGO SOBRE REIVINDICACIÓNS DO PERSOAL DO HOSPITAL.**

“Exposición de motivos.

Esta portavoz ten presentado repetidas veces iniciativas en favor de acadar o mellor servizo sanitario para a nosa cidadanía.

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

É coñecida a carencia de profesionais, o especialista en dixestivo que nos falta desde febreiro do 2017, temos que engadir un cardiólogo/a desde o día 7 de marzo. Sen embargo, desde o SERGAS sempre se xustifica que teñen intención de cubrir estas prazas, pero que non hai especialistas.

As carencias van moito máis alá, fan falta enfermeiras, auxiliares de enfermaría, celadores.. imprescindibles para dar unha asistencia en calidade á que todo o mundo ten dereito.

O persoal do hospital está a reivindicar estas e outras cousas para asegurar o futuro do noso hospital.

Vostede, Sr. Alcalde e toda esta corporación non pode ser allea a un dos problemas de maior importancia desta cidade.

Por todo o exposto, presento ao Pleno o seguinte ROGO :

**1)Comuníquelle Sr. Alcalde a todos os grupos a necesidade e compromiso de defender as demandas dos traballadores do Hospital.**

**2)Solicítelles aos grupos da corporación a súa presenza o vindeiro xoves, día 3 de maio, ás 17 horas na entrada do hospital, respaldando deste xeito as demandas do persoal.”**

**b) ROGO SOBRE A PASARELA DAS CRUCES.**

**“Exposición de motivos.**

Esta portavoz ten presentado repetidas veces iniciativas e preguntas sobre a situación e estado de mantemento da pasarela do barrio das Cruces.

Vostede, Sr. Alcalde sempre respostou que o mantemento lle correspondía a ADIF ,pero nunca presentou documentos que o podan acreditar.

O barrio das Cruces está sendo moi prexudicado por esta situación, coñece vostede as súas queixas.

Vostede, Sr. Alcalde acaba de facer gala da boa situación económica deste Concello, do que nos alegramos todos.

Temos aprobado inversións para facilitar a vida dos veciños, sendo coñecedores de que o debería ter feito a empresa responsable, estou a falar da Rúa Corredoira e circundantes e da empresa Aqualia.

Os veciños das Cruces tamén deben ser atendidos e despois tal como se fixo con Aqualia reclamar a ADIF o importe si de verdade lle corresponde o mantemento.

Por todo o exposto, presento ao Pleno o seguinte ROGO :

**1) Que o Concello proceda a facer o mantemento da pasarela das Cruces.**

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 30.04.2018

Páxina 34 de 39

**2) Si procede, reclame o importe a ADIF.”**

**c) ROGO DE BO USO DOS FONDOS PÚBLICOS.**

**“Exposición de motivos.**

No Pleno de Marzo, esta portavoz informou do mal estado que estaban a quedar feitas as reparacións das beirarrúas na Rúa Ourense.

Ninguén discute a necesidade que tiñan, a dicir verdade, precisarían un arranxo total.

Do que nos estamos a queixar e do mal feita que quedou a reparación.

Entendemos que non se trata de facer por facer e tirar os cartos, é necesaria vixilancia de como están a facer as obras e como quedan rematadas.

Estamos escoitando queixas de veciños que deberían estar satisfeitos por ver a súas rúas arranxadas, o motivo, estanse a facer obras sen control, exemplos: Rúa Duquesa de Alba, Zapardiel, Cobas e mesmo a Rúa Ourense.

Por todo o exposto, presento ao Pleno o seguinte ROGO :

**Sr. Alcalde e Concelleiro de Obras, vixíen e controlen o bo uso do diñeiro de todos.”**

**d) PREGUNTAS SOBRE USO DO GLIFOSATO.**

**“Exposición de motivos.**

Levamos días vendo as papeleiras da nosa Cidade adornadas con folletos informativos de que van a proceder a fumigación de Rúas con Glifosato.

Temos falado moito dos efectos malignos deste produto tal como recolle a OMS, dos efectos canceríxenos...etc.

Nesta ocasión infórmannos que o van a utilizar ROUNDUP ULTRA PLUS, entre as 0:00 e as 5:00.

É moi fácil ler no propio envase, os usos para os que, en caso de utilizalo, se pode dar, en ningún lugar fala de rúas urbanas.

Tamén nos preocupa o coñecementos e medios dos que dispoñen os traballadores de FCC para a súa aplicación.

Por todo o exposto, presento ao Sr. Alcalde as seguintes preguntas:

Pleno da Corporación  
Sesión ordinaria do 30.04.2018

Páxina 35 de 39

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | <b>DOCUMENTO: 20180172439</b>   |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

1) Que cantidade deste produto se utiliza en Monforte.

2) Que medios para a súa aplicación están a usar os traballadores de FCC.

3) Preocupouse Sr. Alcalde de investigar si pode haber outra maneira de erradicar as herbas das beirarrúas?"

(Achega o anuncio de aplicación do produto)

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, ENTREGADO AO INICIO DA SESIÓN.**

**ROGO RELATIVO Á XESTIÓN DO DESBROCE DAS ESTRADAS E LIMPEZA DAS FONTES PÚBLICAS.**

**“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Debido ás condicións climáticas rexistradas nos últimos días, as cales favoreceron a proliferación da vexetación, presenta esta un problema actual e mais aínda nos próximos meses. Dita proliferación afecta directamente en:

- Falta de visibilidade nas estradas, o que supón un perigo para os usuarios.
- Cando esta vexetación seque convértese nun perigo de cara ós lumes.
- Esta afectaría tamén ó aspecto estético.

No tocante ás fontes a limpeza das fontes facilitaríala o seu uso.

**SOLICITUDE:**

Que o goberno Municipal inicie o protocolo a seguir para levar a cabo a limpeza das cunetas e das fontes, así como que este inste as institucións propietarias das distintas vías a que faga tamén o preciso en cada caso.”

**D) ROGO DAS/DO CONCELLEIRAS/O NON ADSCRITAS/O, ENTREGADO AO INICIO DA SESIÓN.**

**ROGO PARA PUBLICAR NA PÁXINA WEB MUNICIPAL O CURRÍCULO ACADÉMICO E PROFESIONAL DE TODAS/-OS AS/OS CONCELLEIRAS/-OS QUE COMPOÑEMOS A CORPORACIÓN MUNICIPAL MONFORTINA.**

“Nos últimos días estamos asistindo a unhas situacións bochornosas por parte dalgúns membros dalgúns grupos políticos nas que se teñen publicado títulos e estudos que parece que non se corresponden coa realidade de cada persoa, o que provoca rexeitamento por parte da cidadanía e mesmo, por poñer un

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

exemplo concreto, o rexeitamento da medalla de ouro da Comunidade de Madrid por parte do filósofo Emilio Lledó, gran defensor do diálogo e da ética na vida pública.

Por este motivo, e en aras á transparencia e a que a cidadanía recupere a confianza nos políticos, presentamos o seguinte **ROGO**:

**Que o equipo de goberno publique na páxina web municipal o currículo académico e profesional, así como os ingresos percibidos polo concello de todas/os e cada un das/os concelleiras/os que compoñemos a Corporación Municipal monfortina.”**

**E) ROGOS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, ENTREGADOS AO INICIO DA SESIÓN.**

**a) ROGO SOBRE A CONTRATACION DO SERVICIO DE AMBULANCIAS DA FEIRA MEDIEVAL DE 2018.**

“Antecedentes:

Na Feira Medieval deste ano, o servizo de ambulancias para atender as posibles incidencias foi prestado por unha empresa con sede en Santiago.

Este grupo municipal considera que nas contratacións do Concello soen saír perxudicadas as empresas de Monforte, poñendo de manifesto unha clara falta de compromiso co tecido empresarial da nosa localidade.

Por elo formulamos o seguinte rogo:

- 1) Que en próximas contratacións se invite a tódalas empresas e/ou empresarios con actividade e/ou domicilio na nosa cidade.”

**b) ROGO SOBRE O ARRANXO DA CARRETERA PROVINCIAL LU-3203.**

“Antecedentes:

Fai días foi anunciada a licitación da mellora da carretera provincial LU-P-3203. Tal mellora segundo a documentación pública que coñecemos abrangue dous tramos dende o Malvarón ata pasado o desvío da carretera que leva a “Vilamarín”.

Este grupo municipal realizou unha visita ao tramo comprendido dende o cruce de Vilamarín ata o cruce coa carretera LU-P-4702, en Vilachá, comprobando o pésimo estado da súa capa de rodadura e a necesidade de realizar o desanche da mesma para unha conducción máis segura dos usuarios.

Por elo formulamos o seguinte rogo:

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |

1) Que dende o equipo de goberno se inste á Deputación Provincial para que proceda á mellora e desanche de dita infraestrutura no tramo comprendido entre o desvío hacia Vilamarín e o enlace coa LU-P-4702”.

**c) ROGO SOBRE O ARRANXO DO PAVIMENTO DE ACCESO ÁS VIVENDAS DO LUGAR DE PALLEIROS NA PARROQUIA DE MARCELLE.**

“Antecedentes:

Nunha visita que este grupo municipal realizou ao lugar de Palleiros, na parroquia de Marcelle, puidemos comprobar os resultados da obra de acondicionamento da pista de acceso a dito lugar. Tamén recibimos por parte dos veciños queixas relacionadas co acceso que quedou sen asfaltar a unha vivenda, así como de deficiencias nos enlaces da zona asfaltada coas entradas ás vivendas.

Asimesmo puidemos comprobar que nas tarefas de acondicionamento non se procedeu nin a limpeza nin a apertura de cunetas, fundamentais para unha boa conservación e permanencia de dita infraestrutura.

Por elo formulamos o seguinte rogo:

- 1) Que se proceda a asfaltar o acceso á vivenda mencionada anteriormente.
- 2) Que se actúe sobre as cunetas, para conquistar unha maior conservación e durabilidade da actuación realizada.”

**d) ROGO SOBRE A PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS NAS RECEPCIÓNS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN.**

“Antecedentes:

É reiterada e manifesta a falla de respecto institucional que o grupo de goberno exerce co noso grupo municipal, e creemos tamén co resto de grupos que compoñen a corporación municipal, cando hai algún acto oficial de recepción de algunha personalidade.

Sirva de exemplo a recepción á atleta Saleta Fernández. Este grupo municipal considera que o alcalde capitalizou este acto e reprochamos que non garde o trato e a consideración que debería ter cos membros das outras forzas políticas que tamén representan a unha importante porcentaxe de veciños.

Dende este grupo, consideramos que tódolos grupos integrantes da corporación municipal deberan ser invitados á recepción adicada a Saleta.

Por elo formulamos o seguinte rogo:

- 1) Que en próximos actos de recepcións oficiais se invite a tódolos grupos políticos que compoñen a corporación.”

|   |  |  |
|---|--|--|
| <p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p> | <p style="text-align: center;"><b>FIRMAS Y FECHAS</b></p> <p>JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br/>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018</p> | <p>DOCUMENTO: 20180172439<br/>QR:<a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a></p> |
|---|--|--|



**e) ROGO SOBRE AVARÍAS EN SERVICIOS BÁSICOS DA NOSA CIDADE.**

“Antecedentes:

Nos últimos días instalacións básicas da nosa cidade sufriron varias avarías con incidencia nada despreziable na nosa veciñanza:

- rotura na rede de abastecemento na calle do Conde e na parroquia de Piñeira.
- avaría do transformador eléctrico na Plaza do Piñeiro.

Estas avarías producíronse en zonas nas que se están a executar obras municipais.

Por elo formulamos o seguinte rogo:

- 1) Se extremen os controis nas obras da nosa cidade, sexan executadas por contratas ou ben directamente polo concello, para evitar danos ás instalacións básicas.”

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as cero horas e seis minutos do seguinte día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.  
O Alcalde,

(ACTA APROBADA NA SESIÓN PLENARIA DO 28/05/2018)

|  |  |   |
|--|--|---|
| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20002A19700E8K6L5P0E8C4 en la Sede Electrónica de la Entidad | <b>FIRMAS Y FECHAS</b>   | DOCUMENTO: 20180172439  |
|  | JOSE TOME ROCA-ALCALDE-PRESIDENTE - 30/05/2018<br>JOSE MARIA BAÑOS CAMPO-SECRETARIO - 31/05/2018 | QR: <a href="https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4">https://portafirmas.monfortedelemos.es/vd/Publico/VerificaDocumento.aspx?CVE=07E20002A19700E8K6L5P0E8C4</a> |